



MOCIÓN SOLICITANDO O MANTENIMENTO DE PERSOAL NO PAC DE NARÓN NOS MESES DE XULLO E AGOSTO

Olaia Ledo Díaz, portavoz municipal do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Narón, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate en pleno :

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública galega padece desde que Feijóo foi presidente e agora con Rueda unha continuada ofensiva por parte da Xunta de Galiza a través da aplicación de recortes, debilitando e reducindo á mínima expresión a rede asistencial pública en beneficio da sanidade privada. Isto que xa é denunciado reiteradamente polo conxunto do país en mobilizacións históricas agrávase cada ano no verán sen que a Xunta faga efectivo ningún plan que reduza a precariedade do servizo en periodos estivais.

De feito, na nosa área sanitaria configúrase coma un sorteo onde a maioría das probas diagnósticas e mesmo operacións quirúrxicas breves son derivadas a centros privados. O debilitamento da sanidade pública vézmo-lo no día a día.

En Narón, octava poboación deste país e cun PAC que atende a milleiros de usuarios e usuarias o colapso é evidente. As ausencias non se cobren pasando situacións como se deu neste 2025, de deixar a quenda de tarde atendida por un só médico. Por todo isto, asumindo que sempre se pode dar algunha ausencia é necesario o aumento de traballadores e traballadoras tanto en persoal médico e enfermeiro coma cunha persoa PSX máis (tal e como denuncian reiteradamente as representantes de traballadores do centro de saúde naronés). A saturación do único Punto de Atención Continuada (PAC) de Narón aumenta coa chegada do verán ao non cubrir as ausencias de persoal nas vacacións, co que o servizo está colapsado e dando esperas de ata máis de tres horas para a atención dunha cita ordinaria como xa aconteceu no verán pasado, ou coa ausencia dunha ambulancia as 24 horas na octava poboación do país, un servizo xa en si deteriorado ademais, desde que se privatizou o servizo de ambulancias do 061.

Podemos concluír, logo, que a nefasta política sanitaria do Partido Popular está a conducir a Atención Primaria (que é espiña dorsal da rede sanitaria) a un punto límite no que a poboación de Narón padece a falla de atención. Ademais, hai que sumar a cada vez máis limitada capacidade asistencial, cun persoal sanitario que fica esgotado por causa da continuada sobrecarga. Resulta escandaloso que cos nosos importos finánciese

a sanidade privada dona de amigos do Partido Popular mentras se deteriora o servizo público para que, máis pronto que tarde non valoremos a sanidade pública mentras engordamos os petos dos que fan beneficio coa saúde de todos e todas.

Por todo isto, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Esixir da Xunta de Galiza:

1. Non reducir o persoal médico en Narón nos meses de xullo e agosto, comprometéndose a reducir a lista de espera en psicoloxía clínica e que o servizo de radioloxía estea aberto en quenda de mañá e de tarde.
2. Reforzar a contratación de persoal en todas as categorías no PAC de Narón, garantindo as substitucións por vacacións ou baixas, e poñer fin á precariedade laboral no Sergas axudando a que o persoal non emigre ou se vaia á sanidade privada polas mellores condicións laborais ofrecidas.
3. A posta en marcha inmediata dun plan de choque para o reforzamento da Atención Primaria de Narón e no conxunto de Galiza.

Asdo. Olaia Ledo Díaz